



Que podes esperar en Bebescena?

Un mundo repleto de estímulos que esperta a sensibilidade e a capacidade de imaxinar.


Unha experiencia estética...

Unha aproximación ás emocións primarias.

Un achegamento a mundos oníricos onde as formas, as cores, os cheiros, o son ou o movemento teñen moito máis que contar que as palabras.

Unha oportunidade de deixarse arrastrar por unha atmosfera cun toque máximo, inesperado e tenro pois todo é posible sobre o escenario: o día, a noite, as formas, as cores, o silencio, a música, as ilusións ópticas, as danzas raras, as voces suxestivas, os obxectos estraños que aparecen desde os lugares máis insospeitados...

Non só de palabras se alimentan os humanos, en especial os máis pequenos.



VENDA DE ENTRADAS E ABONOS

- Entrada: 6€
- Menores de tres anos: 2€
- Abono 3 (3 entradas para a mesma función): 15€

Capacidade reducida

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, agás festivos,
de 9.30 a 13.00 e de 16.30 a 19.30 h

DESPACHO DE BILLETES DE ÁGORA

Aberto só os días de función, desde unha hora antes
(só se quedan entradas dispoñibles)

TELEVENDA: 902 044 226

(De luns a venres de 9.00 a 22.00 h, sábados de 14.00 a 22.00 h e domingos de 16.00 a 21.00 h)

www.ticketea.com

PRÉGASE PUNTUALIDADE. UNHA VEZ COMEZADO O
ESPECTÁCULO NON SE PERMITIRÁ O ACESO Á SALA



+ info www.coruna.es/cultura


Podes seguir a programación cultural do concello en facebook:
www.facebook.com/CulturaCoruna



Bebes
escena
PRIMAVERA DE 2017

Espectáculos para público de 1 a 3 anos

ÁGORA



Depósito legal: C-39-2017





escena PRIMAVERA DE 2017



DOMINGO
26
FEBREIRO 2017
11.30 e 13.00 h

O ALOUMIÑO DUNHA ESTRELA

DE AVOA YOUJA
Duración: 40'

Se estarricamos moito os brazos, moi lonxe, cara ao ceo, parécenos tocar as estrelas coa punta dos nosos dedos... semella imposible, non si?

Nesta viaxe sensorial, co arrollo da música da arpa e seguindo os zapatiños vermellos, faremos posible que as pequeniñas e os pequerrechos gocen da poesía das imaxes ata rabuñar a bóveda celeste.

Dirección e interpretación: Marta Failde e Fran Martínez.



DOMINGO
9
ABRIL 2017
11.30 e 13.00 h

CONCHAS

DE TEATRO D'ORFEU
Duración: 35'

"Conchas" conta a historia de viaxantes, pintados na tea, reais e imaxinarios.

Partindo da memoria colectiva de dous países (Portugal e Noruega), mesturouse a música, a expresión dramática e corporal, o movemento e as marionetas e encontrouse un compromiso cultural identitario. Un espectáculo icónico onde a abordaxe non verbal gaña forma a través da fusión fonética das dúas linguas, creando novas palabras e sons, aliándose á musicalidade e á linguaxe corporal.

Interpretación e manipulación: Clara Ribeiro.

Interpretación e música: Ricardo Falcão.



DOMINGO
26
MARZO 2017
11.30 e 13.00 h

REDONDO

DE CARAMUXO TEATRO
Duración: 30'

Un espectáculo para a primeira infancia que xoga coas formas.

A mr. Round fascínano todos aqueles obxectos redondos, os máis curiosos obxectos con forma de circunferencia. Un día, na súa incesante procura atopará unha asombrosa esfera que agocha historias sorprendentes.

Autores e intérpretes: Laura Sarasola e Juan Rodríguez.



DOMINGO
28
MAIO 2017
11.30 e 13.00 h



DOMINGO
7
MAIO 2017
11.30 e 13.00 h

EL VUELO DEL SOL Y LA LUNA

DE BÁMBOLA TEATRO
Duración: 40'

O Sol e a Lúa comezan o seu baile acompañados de flores, peixes, estrelas e outros seres extraordinarios do día e a noite neste espectáculo teatral especialmente creado para estimular os sentidos dos bebés.

O ciclo do día e a noite é o fío narrativo deste espectáculo teatral que introduce os máis pequenos nun universo de imaxes no cal poidan recoñecer, dunha maneira asombrosa, divertida e luminosa, como a noite non é escura, senón un espazo invadido de luces e vida, no que non é posible temer e no cal durmir é unha canción, mentres contemplan o diálogo constante entre o Sol e a Lúa, tanto a nivel teatral como a nivel vital.

Interpretación e manipulación: Clara Ribeiro.

Interpretación e música: Ricardo Falcão.

LALÚ

DE LASAL TEATRO
Duración: 30'

Dúas persoas. Tras elas un espazo deshabitado, impersoal. Nuns minutos, que son segundos, que é un anaco de tempo... poboan o lugar que os rodea. Éncheno de luces e sombras, de reflexos irreais, que son máis verdade que as súas propias mans, e descubren progresivamente o que ese lugar nun principio parecía ocultar: Lalú é este espazo... unha mirada... Lalú é fugaz como un suspiro ou un pestanexo. Nós creámo-lo para que ti o imaxines...

Idea e interpretación: Julia Ruiz e César Guerra.
Directora: Julia Ruiz.